



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

X leislatura  
Serie Deputación Permanente  
Número 15

**Sesión da Deputación Permanente**  
31 de xullo de 2020

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## ORDE DO DÍA

---

Punto 1. Escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia, do G. P. Grupo Común da Esquerda, do G. P. do Bloque nacionalista Galego e do G. P. Mixto polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote do covid-19 na Mariña de Lugo (doc. núm. 64465) (10/SCDP-000021)

Punto 2. Escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia da conselleira de Educación para explicar o inicio do curso escolar 2020-2021 e das medidas que vai adoptar para garantir a seguridade fronte á covid-19 (doc. núm. 92) (11/SCDP-000001)



## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás doce e trinta e tres minutos do mediodía.*

*Logo de abrir a sesión, o señor presidente solicítalle á secretaria da Mesa a comprobación da existencia de quórum. (Páx. 5.)*

*A señora secretaria, Blanco Rodríguez, comproba a presenza dos deputados e deputadas membros da Deputación Permanente e con delegación de voto. (Páx. 5.)*

*Confirmada a existencia de quórum, o señor presidente informa de que a orde do día consta de dous puntos, e explica a ordenación do debate. (Páx. 5.)*

**Debate sobre o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia, do G. P. Grupo Común da Esquerda, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. Mixto polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote da covid-19 na Mariña de Lugo. (Punto primeiro da orde do día.)**

*Rolda dos grupos parlamentarios proponentes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 6.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 7.) e Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 8.).*

*Rolda dos grupos parlamentarios non proponentes: Sr. Puy Fraga (P). (Páx. 9.)*

*Rolda de réplica dos grupos parlamentarios proponentes: Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 12.), Sr. Sánchez García (GCE) (Páx. 13.) e Sr. Torrado Quintela (S) (Páx. 14.).*

*Votación do escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia, do G. P. Grupo Común da Esquerda, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. Mixto polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote da covid-19 na Mariña de Lugo (doc. núm. 64465): rexeitado por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención. (Páx. 15.)*



**Debate sobre o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional para explicar o inicio do curso escolar 2020-2021 e as medidas que vai adoptar para garantir a seguridade fronte á covid-19. (Punto segundo da orde do día.)**

Rolda dos grupos parlamentarios proponentes: *Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 15.) e Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 17.)*.

Rolda dos grupos parlamentarios non proponentes: *Sra. Cuña Bóveda (GCE) (Páx. 19.) e Sr. Puy Fraga (P) (Páx. 22.)*

Rolda de réplica dos grupos parlamentarios proponentes: *Sra. Rodil Fernández (BNG) (Páx. 26.) e Sr. Álvarez Martínez (S) (Páx. 27.)*

*Votación do escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional para explicar o inicio do curso escolar 2020-2021 e as medidas que vai adoptar para garantir a seguridade fronte á covid-19 (doc. núm. 92): rexeitado por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención. (Páx. 28.)*

*Rematados os puntos da orde do día, o señor presidente dá por finalizada esta sesión da Deputación Permanente. (Páx. 29.)*

*Remata a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde.*

**Corrección de erros no *Diario de Sesións* número 14 da sesión da Deputación Permanente do 19 de xuño de 2020. (Páx. 29.)**



Ábrese a sesión ás doce e trinta e tres minutos do mediodía.

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial*, e comezamos coa comprobación das asistencias.

**A señora SECRETARIA (Blanco Rodríguez):** Moi bo día, señorías.

*(Por mor da situación provocada polo estado de alarma debido á covid-19, a esta sesión acode un número reducido de deputados e deputadas en representación dos membros titulares da Deputación Permanente, nalgúns casos con delegación de voto previamente formalizada. Os asistentes son: D. Miguel Ángel Tellado Filgueira, D<sup>a</sup> Raquel Arias Rodríguez, D. José Alberto Pazos Couñago, D<sup>a</sup> Paula Prado del Río, D. Jesús Miguel Prado Patiño, D. Pedro Puy Fraga, D<sup>a</sup> Cristina Isabel Romero Fernández, D. Moisés Rodríguez Pérez, D. Gonzalo Trenor López, D. Daniel Vega Pérez, D. Luis Manuel Álvarez Martínez, D<sup>a</sup> Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, D. Julio Torrado Quintela, D<sup>a</sup> María de los Ángeles Cuña Bóveda, D. Antón Sánchez García, D<sup>a</sup> Montserrat Prado Cores e D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández; e os membros da Mesa, que presiden a sesión, D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, D. Diego Calvo Pouso e D. Miguel Ángel Santalices Vieira.)*

Comprobadas as delegacións de voto, hai quórum, señor presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora secretaria.

A orde do día consta de dous puntos. O punto primeiro é un escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Mixto polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote da covid-19 na Mariña de Lugo. E o segundo punto é un escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas e do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia da conselleira de Educación para explicar o inicio do curso escolar 2020-2021 e as medidas que vai adoptar para garantir a seguridade fronte á covid.

Entón, tal e como me explican aquí, comezaríamos debatendo o primeiro punto, en relación coa comparecencia do presidente da Xunta.

**Debate sobre o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia, do G. P. Grupo Común da Esquerda, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. Mixto polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote da covid-19 na Mariña de Lugo**

**O señor PRESIDENTE:** Xa se sabe que son tempos compartidos. Polo tanto, xa que non está o Grupo Mixto, que non participa nesta reunión, serían tres minutos para cada grupo proponente e dez para o grupo non proponente.



Comezamos, se lles parece.

En primeiro lugar, ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil, por un tempo de tres minutos.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos.

Nós, desde o BNG, como cuestión previa, tamén queriamos facer constar que estamos a debater a toma en consideración dunha solicitude de comparecencia urxente, rexistrada o 6 de xullo —é dicir, hai exactamente hoxe 24 días, case un mes—, e cremos, sinceramente, que é inadmisibile. Éo nunha situación normal, pero máis aínda no medio dunha pandemia e dunha crise sanitaria sen precedentes como a que estamos a vivir no noso país e no conxunto do planeta. Aínda sendo conscientes de que nos atopamos nunha situación, en termos políticos, poderíamos dicir, excepcional, na medida en que o Parlamento está disolto e só se mantén esta Deputación Permanente, a Cámara —cremos desde o BNG— debe funcionar, e debe facelo, ademais, coa axilidade que corresponde na tramitación dos asuntos para dar resposta ás urxencias e aos tempos que se viven fóra deste pazo e no conxunto do país; en calquera circunstancia, insisto, pero máis, se cabe aínda, nunha crise sanitaria da magnitude desta, onde, como vimos no caso da repunta da Mariña —que é a cuestión sobre a que versa a solicitude de comparecencia rexistrada—, en apenas uns días pasamos dun caso positivo de coronavirus detectado o 23 de xuño no concello de Xove a máis de cen no conxunto da comarca o día que se decretou o confinamento perimetral de catorce concellos —que afectaban máis de sesenta e oito mil persoas na comarca da Mariña—, que foi o 5 de xullo.

Que só se manteña a Deputación Permanente non significa que non haxa parlamento nin que a Xunta non deba someterse ao debido control político, que é un principio básico en calquera sistema democrático. A solicitude de comparecencia, aínda con eses 24 días —case un mes— transcorridos, segue sendo pertinente e segue sendo necesaria, así o cremos desde o BNG. É pertinente e necesaria para dar conta das decisións que se tomaron e das medidas adoptadas; algunhas delas, por certo, aínda en vigor nalgúns dos concellos da Mariña; outras supuxeron mesmo a limitación do exercicio dun dereito fundamental, como o dereito a voto, para 200 persoas nesta comarca nas eleccións do pasado 12 de xullo. Pertinente e necesaria é tamén esa comparecencia do presidente da Xunta para explicar os criterios e os protocolos que se seguiron e que se están a seguir para frear o brote, o gromo, o surto de coronavirus na comarca da Mariña, aínda o maioritario no conxunto do país, con 44 casos activos, pero tamén pola situación que se está a dar agora mesmo, despois deste case mes transcorrido desde o rexistro desta solicitude de comparecencia noutros puntos do país.

Onte mesmo coñeciamos, pola información facilitada polo Sergas, que se detectaba un novo surto, un novo gromo, na área sanitaria da Coruña, con dezaoito casos activos. En Galiza hai agora mesmo —para poñer un pouco de contexto— case seiscentos casos activos —insisto en que son os datos que reportou onte o Sergas no seu informe diario—, que son máis do duplo dos que había hai un mes, e digo que é para contextualizar, para que teñamos unha fotografía o máis exacta posible do que estamos a falar, sen alarmismos, pero coa debida



responsabilidade que entendemos desde o BNG que corresponde nunha situación coma esta, e máis despois de todo o que levamos vivido neste país e no conxunto do planeta nos últimos meses. E, sobre todo, tamén tendo en conta a importancia e a relevancia...

**O señor PRESIDENTE:** Vaia rematando, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...—xa remato— de todas as decisións que se teñen tomado sen que ninguén do Goberno comparecera diante desta Cámara.

Remato insistindo en que para nós é inadmisíble que unha solicitude de comparecencia de—more 24 días en ser debatida, pero, aínda así, cremos que hai razóns abundas para que o presidente compareza e explique o que acontece na Mariña, pero tamén no conxunto do país.

Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días.

Estou nunha situación estraña hoxe. Lía un tuit —escribíao David Lombao, de *Praza Pública*— que dicía que a convocatoria da Deputación Permanente ía crear o paradoxo de que ían estar grupos e deputados que non existen. Daquela, non sei se existo nestes momentos ou non. Creo que coa convocatoria o presidente buscou unha brecha espazo-temporal para situar deputados que non existen, despois da celebración do 12 de xullo, na X lexislatura, a ver se podíamos viaxar no tempo.

É a única explicación que se me ocorre, a da retranca. Buscando eses paradoxos, poderíamos incluso solicitar a comparecencia do presidente para que nos explicase os criterios polos que convoca estas deputacións permanentes, os tempos que transcorren e por que unhas si e por que outras non, porque non nos entendemos. Como aquí xa se dixo, rexistrouse esta solicitude de comparecencia o 6 de xullo, totalmente xustificada pola situación na que estaba naquel momento A Mariña e pola súa evolución, no único órgano no que podíamos solicitar información os deputados e as deputadas, e estamos, 25 días despois, inexplicamente, debatendo a necesidade da comparecencia do presidente, que será negada polo grupo maioritario. Non sabemos por que, e por iso nos gustaría sabelo, como non sabemos por que, por exemplo, non se tramitou nunca unha solicitude de comparecencia do señor Feijóo para falar da situación das residencias de maiores, que se rexistrou o 6 de abril, e nunca debatemos aquí sobre a oportunidade de que comparecera ou non. Tamén iso debeu ser unha brecha espazo-temporal.

Unha vez que estamos, evidentemente, claro que segue sendo pertinente. É extemporáneo porque agora a situación é outra. Seguramente, de ser un grupo que existise, habería que pedir para falar da situación xeral en Galicia da pandemia, que está noutra situación. De todas as maneiras, evidentemente, nós apoiamos esa petición de comparecencia.





Creemos que con esta tramitación o que se confirma é a arbitrariedade absoluta e a falta de respecto ao Parlamento galego, onde non hai un *modus operandi* claro de como facer as cousas e onde non se seguen unhas regras claras, senón que se utiliza a institución en función dos intereses do Partido Popular.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Bo día.

En primeiro lugar, sendo a primeira intervención no Parlamento despois do 12 de xullo, no noso grupo queríamos felicitar principalmente o Partido Popular polo resultado electoral e pola súa vitoria, que dará continuidade, previsiblemente, ao Goberno; polo tanto, é merecedor da nosa felicitación.

En segundo lugar, e entrando xa na cuestión, estamos ante un debate que tería sido realmente importante, pero que hoxe e desta forma é absurdo e é estéril, que son probablemente os dous últimos cualificativos que debera merecer un parlamento. É absurdo e é estéril basicamente porque está, como xa foi explicado, absoluta e innecesariamente fóra de tempo. É absolutamente intencionado que estea fóra de tempo e, polo tanto, non ten sentido, porque, se fose obrigado que fose hoxe, teríamos un problema coa lentitude das institucións, que xa o son, pero isto é forzado. E, ademais, permítanme sinalar o absurdo de que os grupos proponentes dun debate teñen menos tempo que os grupos non proponentes, o cal en termos democráticos significa que é máis fácil non propoñer debates que si propoñelos. Polo tanto, é unha cuestión un pouco estraña, pero seguramente haberá algunha explicación, porque sempre hai explicacións para A e incluso para o contrario, cando é necesario.

En todo caso, sobre a cuestión que estamos a debater, nós si criamos e cremos que pode ser oportuna unha comparecencia do presidente por dúas razóns. En primeiro lugar, porque é normal asumir que un presidente teña que comparecer relativamente con frecuencia para explicar unha situación tan difícil como a que vivimos. Estamos nunha pandemia e hoxe temos contaxios que nos retrotraen a outros momentos da pandemia moi duros, probablemente non aos máis duros, pero si a aqueles con dificultades. Teñen outras características, é certo, porque a idade media dos contaxiados é distinta, porque as condicións dos contaxios son distintas... Existen moitos matices, pero estamos nunha situación, en termos numéricos e en termos sociais, preocupante. Polo tanto, tamén sería importante, dentro dunha normalidade democrática, que comparecera un presidente ante unha situación como esta —na normalidade, insisto, porque non vivimos nunha normalidade—.

E, en segundo lugar, por unha coherencia co feito durante as semanas máis duras da pandemia, onde vimos a un Núñez Feijóo tertuliano, no que había días que un case pensaba en





ter que poñer un prato máis na casa, porque á hora de comer saía sempre na TVG. Por tanto, ante ese hábito de comentar pouco menos que ata os resultados de fútbol, se os houberse, dende que pasaron as eleccións, que foi o que lle interesou ao señor Feijóo durante a pandemia, e pasado e espremido iso todo o posible, aplicou coa situación da pandemia e coa democracia en xeral unha política antivírica: tapou a boca, marcou distancias e lavou as mans. E a partir diso, nós estamos, non asombrados, porque entendemos a maneira de funcionar, pero cremos que hai unha maneira moito máis limpa e moito máis natural.

Estamos ante unha situación preocupante. Hoxe sabemos máis que hai semanas, que hai meses, dos devires da pandemia, da afectación da covid, pero cremos que é importante que as institucións dean explicacións. A pregunta é: se tan interesado estaba en pouco menos que saír varias veces ao día cando existían eleccións, ¿por que agora, señor Feijóo, non o fai? E probablemente será porque queda en evidencia que o seu interese durante a pandemia foi pura e unicamente electoral. Isto é preocupante porque estamos ante unha situación na que necesitamos os gobernos. Non estamos ante o Goberno que os socialistas queremos, pero estamos ante o Goberno de todos os galegos e galegas. E ese goberno debera dar explicacións, que non dá, porque, aínda que todo é excepcional, o Goberno fai coma se nada, coma se estivésemos nunha situación absolutamente normal, e iso é inaceptable.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Efectivamente, como vostede dixo, todo ten explicación e, na cuestión dos tempos, tamén, a explicación vén da man do Regulamento.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy, por un tempo de dez minutos.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

É certo que vivimos nuns momentos extraordinarios. Estamos naquilo que se deu en chamar «a nova normalidade», que caracteriza un período de tempo no que non hai vacina para o coronavirus nin hai un remedio médico que resolva rápido unha infección. Polo tanto, estamos nun período no que vai prevalecer a emerxencia sanitaria, e temos que combater a emerxencia sanitaria, ao mesmo tempo facer fronte á peor crise económica que sofre o país, da que deriva unha crise social, e ao mesmo tempo darlles resposta a todos os problemas que como sociedade tiñamos e que van desde o demográfico ao medioambiental, pasando pola necesidade de adaptación das nosas empresas á nova situación económica internacional.

E tamén é tempo de defender as institucións. Eu creo que os procedementos e a consolidación da democracia e do respecto mutuo que significou o proceso electoral que acabamos de vivir foron unha forma boa de demostrar que, nesta nova normalidade, igual que a xente pode ir traballar, igual que confiamos en que os estudantes poidan ir ás escolas, pois tamén confiamos en que os cidadáns poidan elixir os responsables da xestión pública nun momento tan decisivo das súas vidas.

Tivemos un resultado claro incontestable nas últimas eleccións autonómicas e creo que o país nos fixo un gran favor a aqueles que defendemos a democracia indo votar con respon-



sabilidade, en liberdade e, certamente, fuxindo dalgúns apelativos ou dalgunhas peticións que hoxe podemos denominar «trumpianas», dado que o presidente dos Estados Unidos —ao que lle pintan mal as eleccións— parece que quere ou propón o seu adiamento.

Digo todo isto porque é importante que a democracia se basee nalgúns principios que non están escritos, que non están no regulamento, que van desde a tolerancia mutua á contención institucional. A «contención institucional» é unha das aportacións de Levitsky y Ziblatt nese famoso libríño que os manifestantes democráticos exhibían en Brasil fronte ao presidente —que ten un «costipadiño» e que agora parece que lle deixou algún fungo no pulmón—. Nese libro fálase de que é importante que as prerrogativas institucionais se fagan desde a contención, cun uso moderado, de acordo coa propia lóxica das institucións.

Hoxe estamos aquí convocados a unha deputación permanente a instancias da oposición. Hai unha petición de catro grupos, os catro grupos existentes na oposición na lexislatura pasada. Hoxe díxose que estes catro grupos fixeron esta petición o 6 de xullo —polo tanto, en plena campaña electoral—, nun intento claro de instrumentalizar un problema sanitario en medio dunha campaña electoral, e, ademais, porque despois das eleccións os dous grupos que van formar parte da oposición na vindeira lexislatura decidiron tamén pedir nestes momentos que houbese unha deputación permanente para falar do inicio do curso escolar. E fano nun momento en que saben perfectamente que esta Deputación Permanente xa non é representativa da vontade popular porque polo medio houbo eleccións, e sábeno perfectamente cando uns deputados están chegando á Cámara e presentando as súas credenciais para exercer as súas funcións na próxima lexislatura e outros están vindo para recoller os seus despachos por non ter optado a ser deputados ou simplemente porque a vontade popular os desprazou fóra desta Cámara. Esa é a situación.

Por riba, quéixanse de certa dilación, e o certo é que é a primeira vez na historia desta Cámara en que despois dunhas eleccións e antes de que haxa a constitución do novo Parlamento se solicita a comparecencia de membros do Goberno, que se sabe, ademais, que están tamén en funcións, como a propia lexislación indica. Nós cremos que é un exercicio excesivo de pouca contención das prerrogativas regulamentarias que lle dá a norma á oposición, pero, certamente, parece que pode ser un indicio de que xa non falamos nin sequera de cen días de tregua ao Goberno que se constitúe, senón de menos de trinta e un días, supoñendo que o Goberno estará constituído noutro momento.

Certamente, fálase da oportunidade, e estou seguro de que se se cumprisen algúns dos prognósticos dalgúns dos alcaldes que militan nos partidos da oposición —que faláron de que convocar eleccións na Mariña ía producir unha «carnicería», literalmente— seguramente hoxe sería moi oportuna esta Deputación Permanente, pero non ocorreu iso.

Nós, precisamente por iso, queremos facer da necesidade virtude e dar unha mensaxe tranquilizadora, dentro da necesaria chamada ao mantemento da alerta sanitaria e das precaucións sociais, e tamén de transparencia con respecto aos temas de fondo. Estou certo de que, en canto se poña en marcha a lexislatura, o primeiro que fará o Goberno, como fai sempre, é comparecer para dar conta do que está facendo desde a súa constitución e dos seus plans de futuro.



É certo que houbo un brote na Mariña, e estamos vendo que en toda España hai centos de brotes. Verdadeiramente, a pandemia deixou en Galicia unha situación semellante á do resto de Europa e do mundo onde, unha vez superado o peor pico da pandemia, estamos controlando e vixiando que non se volva reproducir ese pico e unha transmisión comunitaria; polo tanto, hai que controlar os brotes, estamos nese contexto. Hoxe mesmo hai unha conferencia de presidentes na que se trata de dar saída á posibilidade de que haxa normas coordinadas para combater os brotes en toda España — cuestión que nos parece fundamental —, así como para a repartición dos fondos, cos que faremos fronte a todas as necesidades no ámbito sanitario, educativo, social e de todo tipo que xurdirán ao longo dos próximos meses.

É máis, hoxe podemos seguir dicindo que a situación en Galicia é mellor que na media do conxunto de España: actualmente hai 208 casos activos e xa se realizaron máis de duascientas cincuenta mil PCR. Estou falando dunha boa situación nun dos peores países do conxunto de Europa, pero todos os datos, como, por exemplo, a incidencia acumulada, que son o número de casos diagnosticados por cen mil habitantes, nos últimos catorce días en Galicia está no 6,85 e en España está no 51. Este é un bo dato, se o comparamos, pois fíxense que hai oito e pico veces máis incidencia no conxunto de España que en Galicia; e tamén é baixa se a comparamos a nivel internacional: en Portugal están con 29; en Galicia, con 6,85; en Francia, con 15,7 e no Reino Unido, con 13. Só Italia está mellor, co 4,9; da cal España debería tomar leccións, tendo en conta a simultaneidade do pico máis grave no seu momento.

Temos capacidade de detección dos casos, pois o número de positivos sobre tests realizados está ben por baixo do 3 %, que é o que marca a capacidade de detección. A distribución polo territorio tamén demostra unha boa situación: de 313 concellos, nos últimos sete días non apareceron casos en 271, e a taxa de letalidade segue sendo das mellores de España. Pese a iso, sempre teremos na memoria os 619 falecidos, o último deles nos primeiros días de xuño. Onte en Galicia había 260 persoas afectadas polo virus, das cales 250 estaban no seu domicilio, só 9 hospitalizadas e 1 na UCI.

Evidentemente, todo isto é porque hai responsabilidade, hai capacidade de resposta, hai asesoramento por expertos — que existen e son coñecidos — e tamén hai moita transparencia. Sábense cales son os datos de onte mesmo da Mariña: no día de hoxe, 44, e non hai ningún caso novo. Son asintomáticos e leves e están 2 no Hospital da Costa. Se comparamos a situación da evolución do gromo da Mariña co das outras comunidades, pois simplemente quero recordarlles que, máis ou menos, cando comezou o da Mariña, foi cando comezou a falarse da situación en Lleida e tamén nalgunha provincia de Aragón. Creo que todo isto evidencia que as decisións que se adoptaron naquel momento foron realmente boas. Onte mesmo o comité clínico decidiu poñer practicamente na mesma situación que o resto do país toda a comarca e, polo tanto, creo que a xestión da Mariña foi boa. Como estamos a dicir, hoxe parécelle inoportuno á oposición que falemos destas cuestións porque as cousas foron ben, afortunadamente, pero certamente teríalle parecido moi oportuna se ocorrera a prognosticada «carnicería», que non se produciu porque as garantías sanitarias para ir votar estaban garantidas.

Eu creo que se poden aprender leccións disto: a primeira, que é fundamental unha resposta social responsable, que hai unha resposta sanitaria axeitada e que a resposta do noso Exe-



cutivo e do sistema sanitario non só foi correcta, senón que tamén está a ser moi transparente. Precisamente porque é transparente e os datos son coñecidos e públicos todos os días, seguro que en canto se poña en marcha a lexislatura teremos ocasión de comprobalo...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...nese caso si que con toda a lexitimidade por parte dos deputados que formen parte desta Cámara.

Moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Rolda de réplica para os grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por un tempo de dous minutos, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Dicía o señor Puy que por primeira vez na historia deste Parlamento se convocaba unha deputación permanente nestas condicións, e parece mentira que haxa que lembralo, pero é a primeira vez na historia recente deste país que vivimos unha pandemia mundial, por se alguén anda un pouquiño despistado. Sinto dicirlles que os virus non entenden de calendario electoral. ¿Sabe o que sería unha irresponsabilidade, señor Puy? Que se decrete o confinamento nunha comarca, con catorce concellos e máis de sesenta e oito mil persoas e non fagamos nada; coma se por estar nun *impasse* político se puidese prescindir de convocar o debido control político que se lle exige a esta Cámara. Non sei, igual pretenden que espere-mos a que a vostedes lles veña ben e lles cadre ben na axenda.

Neste país estamos a vivir, como dixen na miña primeira intervención, unha situación histórica, ningunha das xeracións que estamos aquí viviu nada semellante, e unha situación sanitaria absolutamente excepcional que non se apaga e se acende en función de que haxa ou non un proceso electoral. Isto é o que hai até constituírse a nova Cámara, que nós entendemos que ten que seguir funcionando, dada a gravidade da situación, coa normalidade ou a anormalidade que sexa, porque tampouco vivimos nin unha nova nin nunha vella normalidade. Non estamos nunha situación normal até que non se consiga esa vacina ou ese tratamento para curar as persoas que están afectadas polo coronavirus. Hai cousas que non poden agardar a que a vostedes lles vaia mellor ou peor, e esta é unha delas, e a que deba-temos despois tamén é outra.

Había que ter convocado antes esta Deputación Permanente para falar das decisións que se estaban tomando a respecto do que estaba acontecendo na comarca da Mariña antes de que transcorresen vinte e catro días da solicitude da comparecencia. Se vostede quere remexer en todos os argumentos para intentar xustificar esa demora, nós entendemos que —insisto— é inxustificable. A nós o que nos parece que sería irresponsable e unha falta de res-



pecto institucional é que este Parlamento, aínda dada a súa situación en termos políticos excepcionais, non se reunise no medio dunha pandemia, dunha crise sanitaria e, como ben dicía vostede, tamén dunha crise social e económica sen precedentes.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...—xa remato—. Nós non cremos que haxa que axustar os tempos nin do virus nin deste país aos intereses particulares do Partido Popular.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** O señor Puy falaba da saúde democrática e axuda moito nas democracias que haxa mecanismos establecidos que escapen da arbitrariedade en función dos intereses, neste caso, dun partido político. Quere dicir, axudaría moito que houbera unha mecánica dende a Mesa do Parlamento onde este tipo de convocatorias das deputacións permanentes seguisen unhas pautas determinadas —coas que podemos estar ou non de acordo— que servisen para todos os casos. O que a nós nos estraña é que nunhas haxa celeridade de tramitación, noutras non, e que outras nin se tramiten, como cando solicitamos a comparecencia do señor Feijóo para falar da situación das residencias de maiores. Iso non axuda a saúde democrática; non hai esa previsibilidade que elimina suspicacias.

Por iso dicimos que é unha falta de respecto ao Parlamento utilizar unha institución, un órgano do Parlamento, en función dos intereses dun partido, que, por moi maioritario que sexa, non debe de eliminar as garantías democráticas de todas e todos os representantes dos galegos e das galegas, que teñen a mesma lexitimidade que calquera deputado ou deputada do Partido Popular. Así xogaron seguido vostedes co Parlamento de Galicia, con ou sen pandemia, faltándolle ao respecto absolutamente.

Cando falamos de eleccións, de suspender ou de adiar, tamén podíamos ter falado de por que non establecer mecanismos extraordinarios para que puidesen votar os positivos, por exemplo, señor Puy, que sería moito máis democrático incluso, como se fixo no caso dos policías e dos gardas civís desprazados a Cataluña naquel momento. Non puidemos debatelos porque non se convocou a Deputación Permanente, pero puidéronse dar garantías para que votase aínda máis xente e que os positivos tivesen o dereito constitucional a poder participar nas eleccións, e non se puido porque vostedes non quixeron.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ¡Que vostede presuma de transparencia da Xunta de Galicia na xestión da pandemia iso si que é trumpiano! Compare a xestión dos datos de Asturias coa de Galicia, e as confusións que xera a xestión dos datos da Xunta de Galicia, e verá por que digo que isto é trumpiano.

Nada máis e moitas grazas.





**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

O voceiro do grupo parlamentario maioritario tardou en falar da Mariña máis tempo do que temos os demais grupos, entre primeira e segunda intervención, para falar de todo o tema, cousa que non está delimitada polo Regulamento. Polo tanto, paradoxalmente, non temos tempo para explicar por que non temos tempo, curiosamente.

Todo é excepcionalidade nesta situación, creo que iso si o compartimos todos. Na excepcionalidade pódese traballar proactivamente, pódese defender unha maior intensidade; pódese traballar na excepcionalidade do traballo ou pódese facer continuísmo do agochamento, que é o que estamos a vivir. A pandemia está aí, pero Feijóo agora xa non. Isto é o que nos chama a nós a atención, e cremos que non ten sentido se non é basicamente porque non existe outra explicación que é que a única diferenza non é a pandemia, que segue aí, senón as eleccións, que xa non seguen aí.

En todo caso, nós si cremos que existían cuestións que tiñan que ser explicadas. Existiron informacións sobre a ocultación dos datos, e cremos que a Xunta de Galicia debe dar explicacións porque queremos crer que non existiu tal ocultación. Nós preferimos confiar no Goberno, pero o Goberno prefire non dar explicacións. Claro que hai unha preocupación por volveuse trumpista — unha palabra que se está poñendo moito de moda—. Eu recomendo o artigo de onte de Lluís Bassets en *El País*, onde explicaba a gravidade que ten que Trump queira desconvocar as eleccións. ¡Imaxinen o que sería desconvocar unhas eleccións ou que se poidan convocar saltando o DOG que un firma!

Superado todo iso, nós o que cremos é que é unha pandemia que está aí, que causa problemas, e aínda hai certa incerteza na cidadanía sobre como debemos de xestionala e sobre cara a onde vai ir. Probablemente necesitamos mensaxes dos dirixentes que tranquilicen sobre se está ou non controlada a situación, sobre a previsión de como vai derivar esta situación en Galicia e sobre as consecuencias que ten. Estamos falando dunha alteración dun proceso democrático como son as eleccións que se fixo case pedíndolle á xente que non fose votar. Son cousas graves e ás que nós cremos que un goberno debe dar resposta, principalmente para que todos esteamos máis tranquilos. Os cidadáns necesitan saber que vai pasar dentro de dúas semanas, dentro de seis ou dentro tres meses.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** É imposible facer unha previsión exacta, pero é posible dar algúns criterios porque o Goberno autonómico, que neste caso é o máximo responsable desta situación, ten información, ten profesionais e ten a capacidade de dar esas explicacións. Outra cousa é que agora non lle importe, que esa é a sensación que temos.

Moitas grazas.



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Rematado o debate sobre este punto, procedemos á votación do documento número 64465, coas delegacións oportunas que hai de voto.

*Votación do escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia, do G. P. Grupo Común da Esquerda, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego e do G. P. Mixto polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en relación co rebrote da covid-19 na Mariña de Lugo (doc. núm. 64465).*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 12.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este documento.*

**O señor PRESIDENTE:** Debateremos agora o segundo punto da orde do día.

**Debate sobre o escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional para explicar o inicio do curso escolar 2020-2021 e as medidas que vai adoptar para garantir a seguridade fronte á covid-19**

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coa rolda dos grupos parlamentarios.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil por un tempo de cinco minutos.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas de novo, presidente.

Ao fío do debate anterior, creo que todas e todos deberíamos ter claro —creo que o temos todas e todos claro— que non hai maioría absoluta que dea carta branca para facer e desfacer sen control parlamentario. É unha das razóns polas que existe a Deputación Permanente en situacións de excepcionalidade, de *impasse* político —para entendernos—, como a que estamos a vivir agora entre dúas lexislaturas. Decía na miña anterior intervención que o virus non entende de calendarios electorais, tampouco doutro tipo de calendarios ou regulamentos de ningún parlamento e, como saberán as súas señorías —porque xa está publicado no DOG— o curso escolar comeza o próximo 10 de setembro; queda pouco máis dun mes. Se nunha situación de normalidade agardamos polos ritmos desta Cámara, un pouco paquiderma —xa o temos debatido nalgúns outras ocasións—, nunha situación de excepcionalidade sanitaria e política como a que estamos vivindo hoxe parece que os ritmos aínda se axustan menos para atender as urxencias e as necesidades do conxunto da sociedade deste país.

Ao redor do inicio do curso académico 2020-2021, que comeza —xa digo— o 10 de setembro, hai unha enorme preocupación e un profundo malestar entre o conxunto da comunidade





educativa, desde o profesorado ás ANPA, diante do protocolo que elaborou unilateralmente a Xunta de Galiza e que terá importantes implicacións para esa comunidade educativa, pero tamén para o conxunto da poboación deste país, porque na situación na que nos atopamos as decisións que tomamos individual ou colectivamente, as decisións que se toman desde o ámbito público ou privado afectan o conxunto da poboación.

Hai unha enorme preocupación por como vai ser ese inicio de curso o próximo mes de setembro, cun protocolo para cuxa elaboración non se contou nin coas organizacións sindicais, nin coas direccións dos centros, nin coas ANPA, nin cos concellos. Non se contou con eles nin para elaborar o documento nin sequera para aprobalo. O que vemos nel —se vostedes o leron, que é extenso, máis de noventa páxinas— é a proposta que fai a Consellería de Educación e a Xunta de Galiza —en funcións, pero con plenos poderes para tomar decisións, que iso tampouco cambia ningunha pandemia— e que é un «trágala», unha especie de «isto é o que hai, afaite e a ver como o levas a cabo». Nun contexto no que entendemos que hai moitas cousas enriba da mesa que afectan moitísimas persoas neste país, aínda en funcións, a Consellería de Educación ten que comparecer diante deste Parlamento e desta Deputación Permanente. Insisto en que é o que hai até que non haxa unha cámara nova, e non podemos agardar a que comece o curso e pola vía dos feitos consumados se nos veña expoñer aquí algo xa aplicado.

Nós entendemos que a conselleira ten que comparecer diante desta Cámara e desta Deputación Permanente —que é a que hai— para dar conta das medidas que se prevén implantar para o novo curso, que comeza —insisto— o próximo mes de setembro, e sobre todo para dicir como se pensa garantir a seguridade nos centros educativos, pero tamén nos servizos complementarios que afectan o ensino do noso país. O que vemos é que ese protocolo non vai acompañado dun orzamento e que se pretenden aplicar moitas medidas de carácter sanitario e preventivas a custo cero, sen orzamento —insisto—, derivando as responsabilidades que corresponden ao Goberno e ás autoridades sanitarias no conxunto do profesorado e moi especialmente nas direccións dos centros.

Desde o BNG cremos que ten que primar sempre, por enriba de calquera outro criterio, o sanitario e non o económico. Neste caso concreto, referíndonos ao ensino, o que ten que primar tamén é a calidade educativa. En ningunha circunstancia, pero moito menos nesta, poden usarse criterios economicistas por riba do que é un dereito e un servizo básico para o conxunto da poboación.

Vemos —porque é até rechamante ou un tanto curioso—, por exemplo, como a Xunta de Galiza, nese obxectivo de non investir un só euro máis do orzado para aplicar esas medidas que son necesarias fronte á pandemia, fronte ao coronavirus, establece unha dupla vara de medir para si mesma e para os demais. Desde o comezo desta semana —o luns ou o martes— a Xunta de Galiza recoméndanos a todos e a todas nós —aos que estamos aquí ou ás persoas que nos poñan estar escoitando dende as súas casas— que non nos xuntemos máis de vinte e cinco persoas nos nosos domicilios, que gardemos unha distancia de 1,5 metros e, no seu defecto, que usemos —como estamos facendo agora— as máscaras como medida de prevención. Desde esta semana iso é o que se nos di desde o Goberno galego a todos os cidadáns e cidadás deste país, pero parécelles completamente compatible cunha pandemia que neste país teñamos a partir



do mes de setembro máis de trinta estudantes nunha aula de secundaria ou bacharelato, sen gardar nin sequera esa distancia de 1,5 metros que se prevé como unha garantía de protección.

Nós cremos que isto é, cando menos, curioso e cuestionable; é cuestionable que sexa esta a situación en que teña que dar inicio o próximo curso no mes de setembro. Non hai diálogo, non hai orzamento...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...—con isto remato—, non se prevé máis profesorado para poder reducir as ratios de alumnado por aula, nin tampouco reforzar servizos básicos como son os de limpeza, que son fundamentais nunha situación coma esta. Pretender facer crer que no mes de setembro imos estar diante dun inicio de curso normal e que pode esperar o debate parlamentario e o debido control político e democrático nesta cámara a que nós nos constituamos a partir do mes de agosto é, de verdade, estar moi fóra da situación actual ou pretender facernos crer que estamos nunha situación de normalidade, que non o é. E iso é un feito, non é unha opinión.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente

Bo día, señorías.

Evidentemente, creo que a ninguén, aínda que sexa alleo ao ámbito educativo, se lle escapa a dificultade enorme que vai ter nesta comunidade autónoma, no conxunto do Estado e no conxunto das nacións, a organización do comezo do curso escolar, no que a comunidade educativa vai ter que convivir necesariamente coa covid-19, e que é preciso contar cun protocolo de actuación que permita que tanto os alumnos como o profesorado e os pais poidan retornar ás aulas cun grao de seguridade razoable e aceptable.

A Consellería de Educación debe afrontar, máis ca nunca, a súa responsabilidade de goberno. Sei que o Goberno está en funcións pero, máis alá da tramitación de asuntos ordinarios, debe facer fronte a unha realidade extraordinaria e, polo tanto, debe adoptar medidas extraordinarias. Non son xa momentos de centrifugar as responsabilidades cara aos centros, senón de dotalos dun marco estable e seguro e tamén dos recursos humanos e materiais necesarios, como demandan tanto as centrais sindicais como os colectivos de nais e pais, e tamén os concellos. Será preciso contar con máis profesorado, con máis persoal non docente, cun maior distanciamento físico nas aulas —ao que fixo referencia a señora Rodil— e, polo tanto, unhas ratios máis reducidas.

E tamén entendemos que, máis ca nunca, a consellería debe buscar un escenario que permita acadar un nivel óptimo de implantación dese protocolo, que deba ser froito do consenso e



dotado dos recursos necesarios, que resolva as incertezas todas que xera ese borrador de documento que se presentou e que dea unha resposta axeitada ás continxencias que poidan xurdir ao longo do próximo curso.

O certo é que a Consellería de Educación presentou un borrador ás centrais sindicais que representan o profesorado catro días despois das eleccións autonómicas, e é evidente para calquera que ese borrador xa existía antes e debera ser presentado antes. Debera ser presentado antes porque, con independencia da cita electoral, a realidade da organización do curso que vai empezar dentro de corenta ou corenta e cinco días facía necesario contar con tempo suficiente para consensuar un documento solvente e que dese resposta a todas as incertezas que neste momento temos e que poidan aparecer ao longo do curso. Ese protocolo provocou o rexeitamento, en primeiro lugar, de todas as centrais sindicais, que abandonaron a Mesa Sectorial de Educación, que foi convocada o día 16 de xullo, porque consideraban que descargaba toda a responsabilidade nos equipos directivos e no conxunto do profesorado.

¿Que din os pais? Os pais din que, evidentemente, ese protocolo non garante a seguridade do alumnado, dos seus fillos e fillas. Din que presenta moitas indefinicións en canto ás distancias que se deben gardar; como se vai renovar o aire cada dez minutos entre clase e clase; que vai pasar con algo que existe na realidade como son os alumnos e alumnas cuxos pais non teñen o réxime sanitario da Seguridade Social e, polo tanto, teñen asistencia sanitaria privada; que vai pasar no caso de que sexa necesario confinar unha aula ou un centro completo durante catorce días máis o mes que prevé o protocolo de reincorporación gradual á normalidade en catro fases que duran, cada unha delas, unha semana.

¿E que dicir da xestión dos comedores escolares encargados das ANPA?, nos que se dá o paradoxo de que a propia Xunta de Galicia insta esas asociacións de nais e pais a que univ ersalicen ese servizo complementario pero, á vez, non prevé ningún tipo de compensación adicional —faise todo a custo cero— sobre os gastos derivados que se van incrementar como consecuencia das medidas que se deben tomar.

Os concellos acaban de facer público, con independencia da súa filiación política, que é imposible cumprir as obrigas que se lles descargan en canto á limpeza e hixienización dos centros escolares, e, polo tanto, tamén piden que se tomen novas medidas e que se aporte a cantidade económica suficiente. Insisto: non se pode facer unha implementación dun curso a custo cero.

En canto ao profesorado, ¿que dicir da realidade de autocompracencia na que está instalada a Consellería de Educación? Xa hai comunidades autónomas que coñecen o número de profesores que se van incrementar para o próximo curso. Aquí, a Consellería de Educación o máximo que avanzou onte foi que o profesorado será o suficiente para dar resposta ás necesidades que teñan os centros, pero non está cuantificado; non hai ningún tipo de redución das ratios nas aulas. A estas alturas, os centros de educación infantil e primaria saben perfectamente cantos grupos van ter porque xa están pechadas as matrículas, non hai avaliación en setembro. Practicamente coñécese con exactitude como van ser os centros en secundaria e en bacharelato e nas ensinanzas de réxime especial e formación profesional, pero a Con-



sellería de Educación ten sumidos os centros nun caos organizativo que non debera ter cabida nunha situación como na que nos atopamos.

Para maior gloria, onte, a un día de que o profesorado non teña xa a obriga de estar nos centros, publica unhas instrucións para organizar o curso 2020-2021, e fai referencia paradoxalmente a un protocolo que está aínda sen aprobar. Isto creo que francamente deixa nun lugar bastante precario a solvencia organizativa e normativa da actual Conselleira de Educación, e, por tanto, a conselleira debera comparecer nesta cámara para explicar como é posible que se teña chegado a esta situación e como van organizar os centros escolares o próximo curso a partir do día 10 de setembro.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Grupo Común da Esquerda, señora Cuña, por un tempo de dez minutos.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Grazas, señor presidente.

Bo día a todas e a todos.

Esta vai ser a nosa derradeira intervención. Un pouco estraña, porque, como dicía Cunqueiro, ¿que se preguntan as pantasma cando se atopan? ¿Como podemos existir e non existir ao mesmo tempo? Tal é un pouco a situación.

Con todo, quero parabenizar o Grupo Popular polos seus resultados electorais, unha vitoria grande. Tamén quero recoñecer a súa habilidade e recoñecer que teñen unha rede clientelar extraordinaria (*Murmurios*.) e tamén que utilizan moi ben os servizos públicos de todas e de todos para beneficio propio. Hoxe é o cento quince venres negro. Eu non trouxen a camiseta porque non contaba con que houbera convocatoria, pero seguimos apoiando estes traballadores.

Deséxolles o mellor a todos e a todas na vindeira lexislatura, de corazón, de verdade. Espero que triunfen os argumentos e que mellore o noso país.

A preocupación polo presente e polo futuro é inmensa. (*Murmurios*.) Pido, por favor, silencio. O que non se pode facer é actuar como se nada acontecese. Con este protocolo, non partimos nin dunha vella nin dunha nova normalidade; partimos dunha realidade aparente. Vou explicar por que.

Hai distintas percepcións, é obvio. É obvio que percibimos realidades de distintas maneiras, o que nos leva a facer as seguintes consideracións. O señor Feijóo dixo publicamente que percibe este protocolo como algo moi sólido. E eu preguntome: ¿será un nesgo cognitivo? Di que ten máis de noventa folios; iso é certo. Di que está ben construído; isto, rotundamente, non. Está mal planificado, hai moita improvisación. Argumentaremos por que.

Nós percibimos que é un protocolo tan sólido coma un xeado que se está a derreter. Feijóo di amosar sorpresa polo rexeitamento dos sindicatos, das ANPA, dos docentes, dos partidos



da oposición. ¿Sorpresa ou cinismo? Di, asemade, que están traballando coas recomendacións marcadas polo Estado, a Consellería de Sanidade, o propio ministerio e a OMS. Isto non concorda, por exemplo, co feito de non gardar a distancia mínima recomendada de metro e medio, e é, polo tanto, unha mentira. Falan dun metro para evitar desdobramentos de grupos.

Pide tamén altura de miras e colaboración. Poden ter toda a colaboración se entran en diálogo, pero ata o de agora non o fixeron. Nós podemos non só pedir, senón exixir por lei, que non abandonen o exercicio das súas funcións e que practiquen os debidos criterios de transparencia, información e funcionamento democrático que deben presidir sempre a súa actuación.

Altura de miras, ¿a que se refire? ¿Será outro nesgo cognitivo? Temos a certeza de que todas as persoas vencelladas ao ensino están coa alma expandida na procura das mellores solucións. Porén, ¿a quen lle corresponde a xestión? A xestión correspóndelle á propia consellería. Pero ¿que fai a consellería? Bota balóns fóra, lava as mans e delega responsabilidades nos equipos directivos e no profesorado, que xa teñen carga administrativa e organizativa extra e, aínda por riba, teñen que andar contra o reloxo.

¿Por que se rexeita o protocolo? Esta é a pregunta do millón. Neste protocolo a empresa privada Cualtis traza tan só liñas xerais. A verdade é a verdade. Guinda un protocolo elaborado sen valoracións previas. ¿Por que cren que o día 16 de xullo, hai quince días, todas as organizacións participantes se retiraron da mesa sectorial? CIG, Comisións, ANPE e UXT. ¿Non será porque lles pareceu un paripé?, ¿non será porque é un documento incoherente, contradictorio, impresentábel, negligente, temerario, irresponsábel, inviábel, improcedente, inasumíbel? ¿Serán tamén nesgos cognitivos? ¿Non será que o documento xera incerteza, desigualdade e desprotección, ou que non minimiza os riscos de contaxios? ¿Como aceptar un documento que leva ao desamparo e á indefensión?

O rexeitamento, porén, ten causas ben xustificadas. O malestar parte de que o protocolo non garante o ensino presencial con seguridade; isto é moi importante. Non se prepara para unha educación a distancia universal, equitativa e inclusiva.

Abandonaron a mesa tamén pola negativa da consellería a negociar. Non hai escoita, si hai ouvidos pechados e caladas por resposta. Resulta absolutamente abraiante que a consellería rexeite as suxestións e achegas que van dirixidas a contribuír, a enfrontar con garantías o comezo do novo curso e asegurar a saúde e a protección e defensa do ensino público e de calidade. ¿Por que cren que o día 22 de xullo, hai nove días, centos de persoas participaron nunha cazolada ao redor de San Caetano? A consigna era: «ensino público presencial e con seguridade», algo que calquera goberno debiera asumir. Porque este protocolo non atende a motivos pedagóxicos, non dá resposta ás necesidades nin á realidade galega, non atende á especificidade nin dos centros nin das etapas, porque o seu enfoque é mercantilista.

Necesítase un bo plan, un plan que non ignore a realidade. Nós cremos que estamos nunha situación de inmensa complexidade que require medidas e solucións intelixentes, valentes, congruentes, dialogadas. Sería unha boa oportunidade para un cambio de paradigma, para





xerar compromiso real, pedagóxico, social e biopolítico. Temos dúbidas fundadas de que se vaia cambiar de compás, pero, señorías, o ensino público é un alicerce imprescindíbel da nosa comunidade. A covid non só amosa as eivas do sistema educativo, tamén a ideoloxía e o estilo de xestión que a consellería trata de impoñer aos nosos centros, máis encamiñada á defensa de intereses privados que á do noso ensino público de calidade. Señorías, a privatización encuberta é tamén unha forma de corrupción.

É certo —e xa se dixo antes— que un protocolo sen memoria económica pois é un despropósito, e non se contempla. Si hai fondos do ministerio que o propio Goberno quixo que non fosen finalistas. A consellería neste protocolo só garante a subministración inicial de materiais: máscaras e xeles. Non quere reducir ratios. É certo que a custo cero, igual ca o Plan de reactivación da cultura. É un insulto á intelixencia. ¿Que plan funciona a custo cero, e máis nesta situación?

Ben, non queren contratar persoal docente nin non docente. Hoxe hai un xornal que recolle que a Xunta anuncia agora máis profesorado para setembro, pero non dunha maneira estrutural, senón con contratos particulares, o cal é un indicio de que pode haber desigualdade, é dicir, tratamento variado. Hai xa dez comunidades autónomas que fixeron públicas as medidas económicas que van tomar, co número exacto de profesores que se contratan. Hai estudos —poden botar man se non queren facelo— gratis —non teñen que contratar ningunha empresa privada— de cantos profesores se necesitarían e canto custo suporía. Escoiten e todo mudará.

Hoxe temos que falar de teledocencia. Dáse por suposto que as aulas virtuais van funcionar. A experiencia fainos dubidar. Debera haber equipamentos de uso universal e acceso á rede individual de todos e de todas. Esta comunidade está na última fila de comunidades autónomas en conexións, ¡a última! Un dez por cento, dezasete puntos por debaixo de Castela-A Mancha, que é a penúltima no *ranking*, ¡dezasete! E a oitenta puntos porcentuais das comunidades con maior conexión. Reflexionen sobre isto.

Hoxe, máis ca nunca, debera reducirse o horario lectivo, como se leva demandando tanto. Dezaoto horas en secundaria e vinte e unha en primaria e infantil, tendo en conta o esforzo titánico que a docencia ten que despreñar: atención, titorías telemáticas, necesidade de maior coordinación didáctica, formación.

Unha das solucións onde hai consenso absoluto case en todo o Estado é na redución das ratios e na contratación estrutural de profesorado. Estas medidas deixan no desamparo a poboación máis vulnerábel, que son os alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais. Lémbrolles que a inclusión é un dereito, non soamente un principio. Teñen a obriga de defender por riba de todo esta poboación.

A fenda dixital, por outra banda, é moito máis dura no rural. As escolas unitarias —os CRA—, a cuestión das itinerancias de profesorado, especialistas, orientadores, ¿vanse manter, vanse reordenar?

O protocolo é incompleto. A atención á diversidade é fundamental. Non se especifica nada da combinada.



¿Que criterios de avaliación vai haber para teledocencia? Tampouco se especifica. Fálase dunha formación de quince horas. Isto supoño que non é en serio, é unha tomadura de pelo. Isto non vai resolver nada. A Inspección debera asesorar, revisar programación e non só acceder indiscriminadamente ás aulas virtuais.

Outra cuestión moi importante deste protocolo e do comezo de curso é que os servizos complementarios están en perigo real. Falamos do transporte, por exemplo, dereito que debera ter todo o alumnado e que debera adaptarse aos alumnos e aos centros e non ao revés, e dos comedores. As medidas son insuficientes. É tamén preciso contratar persoal colaborador necesario. É un importante servizo que debera ser, como foi, gratuíto....

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...xa que son tres dereitos: ensino, alimentación e saúde. Solucións hai moitas. Apunto... Non sei que tempo teño.

**O señor PRESIDENTE:** Non, é que xa pasou do tempo.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Ben, pois entón... Teño polo menos aquí doce solucións, pero, como supoño que a miña intervención para a maioría é irrelevante, vou rematar despedíndome e agradecendo aos traballadores desta casa, en nome do meu grupo e o meu propio, a toda a boa xente que hai neste espazo frío e quente a un tempo e a todas as boas persoas —que hai moitas— de todos os grupos. Quero agradecer tamén á xente que confiou en nós, malia asumir a contundente derrota, e agradecer á xente que acreditou no espazo do común, para o que —analizaremos polo miúdo— hai causas e hai efectos. Hai moito sufrimento compartido por perder o compás dunha nave que tiña longa traxectoria posíbel, pero non nos leva máis que a pensar que despois das tempestades vén a calma e que iremos cara a xalundes, cara á conciencia. Máis nada, vento nas velas para todas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Cuña.

Grupo Parlamentario Popular, señor Puy.

**O señor PUY FRAGA:** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Cuña, eu tamén quero desexarlle a vostede e ao seu compañeiro, o señor Sánchez, o mellor no persoal. Tiven con vostedes unha relación persoal creo que boa. Precisamente por iso, voume permitir apuntar, dado que vostedes entran nun proceso de reflexión sobre o que lle pasou ao seu espazo político, que deberían de empezar a pensar en argumentos como o das redes caciquís ou mesmo o das falsas percepcións da realidade, porque, ao mellor, se comezan a reestudar exactamente que queren dicir eses conceptos nun proceso democrático exemplar, no que, ademais, o Partido Popular tivo maioría en todas as zonas urbanas de Galicia, poden emprender un novo camiño de máis éxito. Análises deste tipo coñecémolas do pasado e xa ven a onde os levaron.

Señora Olalla Rodil, eu estou de acordo con vostede en que o virus non entende de procesos electorais nin de diarios oficiais de Galicia, pero un confía en que a viceportavoz —que subs-





titúe a portavoz, que hoxe non está connosco— do Bloque Nacionalista Galego polo menos entenda de procesos electorais e tamén do que se publica no *Diario Oficial de Galicia*. Vostedes, cando seis días antes dun proceso electoral, cando xa estaba convocada a cidadanía para votar e cando todos nós estabamos pedindo o apoio desa cidadanía, explicando o que fixeramos, o que estabamos facendo e o queriamos facer no país, piden unha deputación permanente para que compareza o conselleiro ou o presidente, evidentemente están interferindo na campaña electoral. Eu entendo que o fagan, pero o certo é que a min non me parece o máis correcto desde o punto de vista democrático; non é o máis correcto utilizar unha institución que está en suspenso, precisamente porque se vai reelixir, para facer un mitin máis da campaña. Eu entendo que non é o máis correcto, é a miña valoración. Xa vexo que vostede ten outra e fai coma o virus, que lle dá igual que haxa eleccións, que non as haxa ou que esteamos ou non.

De tal maneira que tamén é excesivo pedir unha comparecencia dunha conselleira que está en funcións, despois dun proceso electoral, convocando unha deputación permanente —que xa non é representativa de acordo coas eleccións que acabamos de ter— para debater unha cuestión que pode perfectamente debaterse en setembro, en canto comece o período ordinario de sesións.

Certamente —agora non está o señor Sánchez—, pediron antes unha comparecencia do presidente e, despois diso, pactamos diversas comparecencias do presidente, que veu despois desa petición, porque foi superada por un acordo que permitiu que este Parlamento, que estaba pechado de acordo coa normativa existente, abrise, cando estabamos vendo que os parlamentos que tiñan que estar abertos de acordo coa normativa existente pecharon. Polo tanto, efectivamente, claro que o virus afecta a actividade parlamentaria e claro que nós temos a responsabilidade de defender a democracia, por iso aprobamos ter unha reunión semanal da Deputación Permanente naquel período extraordinario, e precisamente por iso estamos hoxe aquí.

Eu o que digo é que non é razoable pedirlle a unha conselleira que veña explicar algo que pode explicar o conselleiro habilitado, nomeado e con plenas funcións, dentro de tres ou catro semanas —como moito— nin pedirlle que veña agora, nun momento en que esta Cámara non é representativa porque non representa o resultado das últimas eleccións e hai moitos cambios e porque a propia conselleira está en funcións.

Aquí é certo que cos tempos temos discrepancias. Resulta que eu falo dez minutos e represento a 41 deputados e hai quen se queixa de que a oposición, que representa a 34 deputados, fale quince. ¡E din que falamos máis aínda! Na última, a proporción é de dez a vinte e cinco. Se vostedes se puxeran de acordo en que falase un único portavoz, cousa que é o que acontece cos 41 deputados que eu represento, poderían falar exactamente o mesmo tempo ca min; non, un 50 % máis: dez máis cinco minutos. Pero se non comprendemos isto, é máis difícil comprender os tempos electorais.

Creo que estamos nunha coincidencia, para entrar no fondo do asunto, que é a importancia de que o curso escolar se inicie. Onte dicíao a ministra Celaá, e hai pouco publicou un artigo moi interesante o profesor Antón Costas no que resaltaba a importancia de manter abertas



as escolas, pese a que non existe o risco cero. Primeiro, pola praxe construtiva da propia ensinanza co mestre; polos problemas que poden ter moitos nenos, que se alimentan mellor nas escolas que nas casas —isto tamén é importante para o mantemento dos comedores escolares—; porque incluso saen —os fogares son o lugar onde se detecta o maior número de casos de situacións de violencia no fogar—; porque facilitan a integración laboral dos pais, especialmente das nais e, especialmente das nais que teñen máis dificultades para acceder ao mercado laboral; e, ademais, porque o impacto que ten a ausencia dos nenos na escola presencial é un impacto que non se reduce aos catro, cinco ou seis meses que estean sen ir, senón que queda marcado na súa formación ao longo do tempo, probablemente de acordo cos estudos que el mesmo citaba. Por iso, el pedía que se fixese un esforzo por parte de todos para reabrir o sistema educativo, sabendo que a seguridade cen por cento non existe nunca e que, segundo el dicía, exixir a seguridade cen por cento pode ocultar resistencias corporativas ou dimisións de responsabilidades públicas. Polo tanto, é unha responsabilidade conxunta tanto dos que imparten a docencia, das familias, que remiten os fillos aos colexios, como das autoridades públicas, que deben todos compartir a importancia e ter en conta que abrir as escolas e que os nenos vaian con normalidade é un deber político e moral que está por riba dalgún risco que poida existir.

Dito isto, a Xunta está facendo todo o posible, non está dimitindo das súas funcións, acaba de aprobar un protocolo para a volta ás aulas que está baseado no aprobado polo Ministerio, que, á súa vez, se baseou nunha conferencia sectorial á que asistiron todas as comunidades autónomas, agás o País Vasco e Madrid, á que Galicia foi con lealdade. Nesa conferencia ditáronse unha serie de instrucións mínimas, que son as que fixo o Ministerio e as que se trasladan a través do documento que a Xunta elaborou. Ademais, o protocolo inclúe un marco común, de tal xeito que se pode adaptar ás necesidades dos centros de Galicia. Non é dimitir da responsabilidade, senón que cada centro é o que sabe que espazos, alumnos e profesorado ten, cales son as súas necesidades e como pode organizar mellor a asistencia ao propio centro educativo.

Entre outras medidas, o protocolo establece: grupos de convivencia estable —que isto vén do acordo de Madrid— en infantil e primaria dun máximo de 25, manter a distancia interpersoal de 1,5 metros e dun metro nas aulas... Eu teño aquí a norma da OMS, dóullela despois. O que menos me gusta é que digan que mentimos. Entón, cando vexo unha discrepancia, a min tamén me gusta... Vostedes din que a OMS fala dun metro e medio, e eu fun á OMS. A OMS di: «physical distancing at school»; fala de tanta distancia ten que haber nas escolas e de manter, polo menos, un metro entre cada persoa que estea na escola. Isto é o que din a OMS, a Xunta e o protocolo que estableceu o Ministerio. Polo tanto, non falemos por falar e vaíamos aos datos. Tamén se impón o uso de máscaras, agás nos grupos estables, e hai unhas normas de hixiene obrigatorias, tanto de limpeza de mans como de limpeza das instalacións e de desinfección dos aseos tres veces por día. Ademais, vanse facer tests serolóxicos de dobre banda a todo o persoal dos centros educativos sostidos con fondos públicos antes do inicio do curso. A maiores, haberá un incremento do profesorado para atender os desdobramentos que se deban realizar para cumprir os máximos que se establecen, que son 25 en infantil e primaria e 30 na ESO e Bacharelato —aquí díxose que ía haber máis de trinta alumnos nunha aula, e tampouco é certo—, e tamén se fará de acordo coas demandas en función da matrícula, que coñeceremos nas aulas de Formación Profesional. E o demais, en



función de como funcione a docencia. Todos os profesores se incorporarán aos centros para facer posibles os desdobramentos precisos. A Consellería vai dotar os centros de profesorado de apoio e reforzo a través dos contrato-programa e do Programa Arco, que é o programa de apoio e reforzo de competencias e orientación, e poderán colaborar no desenvolvemento das medidas. Certamente, o número coñecerémolo en función da matrícula. Polo tanto, o protocolo é razoable.

Se falamos de tempos, eu quero recordar que onte se deu a noticia de que a conferencia sectorial entre todas as comunidades autónomas para a posta en marcha do curso académico vai ser a finais de agosto. Creo que é tempo suficiente para coñecer o protocolo, e é verdade que empezan as vacacións. Estamos nun momento difícil e que exige un esforzo de todos: da propia Administración, dos alumnos e das alumnas que se incorporen —que van ter que adoptar uns hábitos que non tiñan nunha situación normal—, dos profesores, por suposto, das asociacións representativas sindicais do profesorado, que teñen que ser capaces de anteponer o interese xeral a iso que chamaba o profesor Costas «resistencias corporativas», e tamén da administración educativa galega.

En definitiva —con isto conclúo—, aproveitamos esta Deputación Permanente —que eu vexo un pouco fóra de tempo e espazo— para facer, como dicía, da necesidade virtude. Desde o grupo maioritario, o que quero é dar, primeiro, unha mensaxe de responsabilidade, unha chamada á responsabilidade e, desde logo, de ratificación do compromiso coa seguridade, particularmente da comunidade escolar por parte da Administración autonómica. En segundo lugar, tamén unha mensaxe de tranquilidade fronte aos alarmismos innecesarios, como os que vimos o día das votacións na Mariña —que era unha «carnicería», quero lembrar—, porque a vida está condicionada polo virus e temos que estar alerta, pero a vida segue. Ademais, contamos con expertos de verdade, non ficticios, que se coñecen, e hai transparencia. Temos que seguir as súas indicacións, sendo conscientes de que eles tamén aprenden conforme o virus vai evolucionando. En terceiro lugar, quero mandar unha mensaxe de cooperación, porque cando os problemas dependen de moitos factores, incluído o azar, as solucións teñen que ser cooperativas. Aí, evidentemente, as autoridades non poden dimitir da súa responsabilidade, pero os profesionais, insisto, tamén deben de asumir as súas.

En definitiva, se algo veu demostrar o virus, é que vivimos nunha relación social de plena interdependencia entre todas as persoas. Isto é propio do ser humano desde que é ser humano, pero hoxe vemos, unha vez máis, a importancia da comunidade, a importancia de que todos os membros da comunidade...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PUY FRAGA:** ...sexa educativa, sanitaria ou sexa o conxunto da sociedade, actuemos individualmente en favor da comunidade, sexa nun hospital, nunha escola, nunha facultade, nunha rúa, nun taller, nunha tenda, nunha festa ou mesmo no ámbito familiar.

Onte a presidenta da Asociación de Directivos de Centros, Isabel Ruso, dicía nunha radio que a pandemia nos colleu a todos por sorpresa e provocou unha situación complicadísima, pois



o curso que vén todos teremos que poñer da nosa parte para que quen non saia prexudicado sexa o alumnado. Pois iso é o que nós pedimos: actuación coordinada, conxunta, comunitaria e responsable para minimizar os efectos do virus na sociedade, especialmente nos que se están formando, porque eses efectos non son só a curto prazo, senón tamén a longo prazo.

Grazas, presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Puy.

Rolda de réplica para os grupos propoñentes.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Eu quero comentar dúas cuestións previas e unha terceira sobre a cuestión en debate. A primeira —eu pensei que xa se deran conta disto— é que no BNG non imos deixar de traballar en ningún momento, e menos nunha situación de pandemia. Eu sinto se iso o incomoda, señor Puy, pero parece que temos que pedir permiso para seguir exercendo os dereitos que temos todos e todas nesta Cámara. Sinto se non lle cadra ben na axenda vir hoxe aquí debater nunha Deputación Permanente pero, ¿que quere que lle diga? *(O señor Puy Fraga pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Non imos frear o virus, por moito que non nos cadre ben nin no calendario nin no Regulamento, nin imos evitar que o curso comece o 10 de setembro. Se seguimos a súa recomendación, se agardamos a que esta Cámara se poña en funcionamento, tendo en conta todo o proceso parlamentario que hai para constituír e dar comezo con pleno rendemento a próxima lexislatura, poñémonos no inicio do curso.

Fiando con esta cuestión, efectivamente, a conselleira e o Goberno están en funcións ata que non se constituía a nova Cámara e o novo Goberno, pero non están tomando decisións a medias nin teñen poderes a medias. Teñen plenos poderes e están tomando decisións que afectan moitísimas persoas neste país, mañá mesmo, porque ¿cando se van implantar esas medidas das que vostede falaba para as que non se está poñendo nin un só euro enriba da mesa? ¿Cando se van implantar? ¿Van esperar a que se constituía o Parlamento e lles veña ben a vostedes traer aquí o debate a unha deputación ou a unha sesión ordinaria? Eu quero lembrar que neste país no ensino obrigatorio hai case trescentas mil persoas, que hai 30.000 docentes neste país e que, directa ou indirectamente —dicíao na miña primeira intervención a respecto do anterior asunto—, todas as decisións que se toman individual ou colectivamente, tamén as que toma a Administración pública, nos van no lombo a todas.

Falaba vostede dalgunhas das medidas que se recollen no protocolo. Efectivamente, hai que intensificar os servizos de limpeza. Ten que ser constante e concienciada a limpeza. Hai que limpar os baños tres veces por día. ¿Como se fai iso sen máis traballadoras? ¿Ímoslle mandar



ao profesorado tamén limpar os baños? Ese é o problema que temos enriba da mesa e iso é o que hai que dirimir e, polo menos, explicar nesta Cámara: hai que explicar que é o que hai. Eu síntoo, de verdade, porque a min me gustarían moitas cousas, pero a realidade é a que é e hai que traballar coas ferramentas das que dispoñemos, como esta Deputación Permanente. ¡De verdade!, é que parece que temos que vir pedir permiso aquí para debater, para impulsar iniciativas e para desenvolver —díxeno na primeira intervención— o debido control político que se ten que dar en calquera sistema democrático, independentemente da situación en que se atope o Goberno...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...sexa en funcións ou non. Nós cremos que non se pode desenvolver un curso normal porque non estamos nunha situación de normalidade. As previsións do Goberno, sobre todo en materia de orzamentos e de recursos humanos e materiais, non se axustan ás necesidades —e lémbrollelo outra vez— dunha pandemia mundial.

Insisto moito en que as decisións que se tomen agora nos van repercutir a todas e a todos, e non é alarmismo, é responsabilidade e é exixir, como se lle debe exixir a calquera goberno, en funcións ou sen estar en funcións, as medidas de prevención e os recursos orzamentarios e humanos que se necesitan para que os espazos, as aulas, os centros, o transporte, os comedores ou outros servizos públicos, independentemente de cal deles falemos, nos garantan condicións de seguridade sanitaria.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** A vida segue, si, pero tamén temos que adaptarnos a unha realidade que é nova.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo parlamentario socialista, o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Puy, creo que concordamos en que vimos dunha situación absolutamente catastrófica; estou a falar agora exclusivamente do mundo do ensino. É catastrófica en xeral, e creo que ningún dos grupos aquí representados, tanto os que van deixar de estar como os que seguiremos estando, quere outro escenario que non sexa reabrir os centros educativos na mellor das condicións posibles. Estou totalmente de acordo con vostede porque, efectivamente, hai estudos moi sisudos que acreditan que a desescolarización é particularmente grave canto máis desfavorecido é o contorno sociofamiliar do alumno. Polo tanto, non nos podemos permitir que todos os avances que vimos experimentando ao longo de tantas décadas de progreso no mundo educativo se vexan truncados por esta situación.

O certo é que, sendo a situación catastrófica e estando salvada pola profesionalidade dos docentes —que mudaron totalmente e en moi poucos días os seus hábitos, xa que foron capaces





de seguir co proceso educativo, non en idénticas condicións, porque iso nos levaría ao absurdo de que os centros educativos son prescindibles, pero si no mellor escenario que se puido seguir —, agora, nese escenario, atopámonos con que hai xa comunidades autónomas que teñen regulamentado todo e Galicia, non. Hai comunidades autónomas de distinto signo político que saben cantos docentes adicionais van ter para o curso 2020–2021, e nós aquí só sabemos que os centros educativos contarán co número de docentes que sexa necesario. ¡Tamén, só fastidiaría —perdón pola expresión— que non os tivesen! Estremadura vai ter 614 máis; Valencia, 4.334; Baleares, 348; Andalucía —creo que é onde gobernan vostedes— vai ter 4.984 docentes máis, xa contratados, e aquí imos esperar para ver cales son os datos de matrícula, cando vostede sabe perfectamente que os datos de matrícula de educación infantil e primaria xa están pechados. Hai unha certa marxe na secundaria e no bacharelato como consecuencia das probas de setembro, pero que tampouco vai afectar dunha forma absolutamente decisiva o sistema.

Polo tanto, se hai comunidades autónomas que xa teñen eses datos, que teñen ese avance feito, ¿por que Galicia non o ten? Porque —insisto— o Goberno está en funcións, e, como dixen na primeira intervención, unha cousa é a tramitación dos asuntos ordinarios e outra é unha situación absolutamente extraordinaria coma esta. Que se publiquen onte, o 30 de xullo, unhas instrucións que establecen que hai que ter unha organización para o próximo curso durante as dúas primeiras semanas, tendo que deseñala e darlle conta ao Consello Escolar, dá que pensar. É unha dobre irresponsabilidade, sobre todo, cando estas instrucións son exclusivamente de índole de ordenación académica e podían estar publicadas desde hai un mes porque non gardan relación estrita e exclusiva co protocolo da covid.

Polo tanto, un protocolo que ten concitado o rexeitamento de todos os sectores que, directa ou indirectamente, inflúen nos centros educativos, dá que pensar. Dá que pensar que tanta xente se poña de acordo para queixarse de algo...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Algo se fixo mal e, polo tanto, alguén deberá dar explicacións. Desde logo, esas explicacións non son co ánimo de dinamitar a acción política dun goberno, senón co exclusivo ánimo de buscar o mellor dos escenarios posibles para o desenvolvemento do curso académico en todos os centros educativos desta comunidade autónoma.

Nada máis, presidente, e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Procedemos á votación do documento número 92, polo que se solicita a convocatoria da Deputación Permanente coa comparecencia da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional.

*Votación do escrito do G. P. dos Socialistas de Galicia e do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicitan a convocatoria urxente da Deputación Permanente coa comparecencia da conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional para explicar o inicio do curso escolar 2020–2021 e as medidas que vai adoptar para garantir a seguridade fronte á covid-19 (doc. núm. 92).*



*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 12.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este documento.*

**O señor PRESIDENTE:** Rematado o debate dos dous puntos da orde do día, finaliza aquí esta sesión da Deputación Permanente.

Boa tarde.

*Remata a sesión á unha e corenta e cinco minutos da tarde.*

### **Corrección de erros no *Diario de Sesións* número 14 da sesión da Deputación Permanente do 19 de xuño de 2020**

Advertidos erros no citado *Diario de Sesións*, na formulación da orde do día, do sumario e das votacións, procédese agora á súa corrección nos seguintes termos:

Na páxina 2, na orde do día, onde di:

«Punto único

Escrito do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera (doc. núm. 64334) (10/SCDP-000019)

Escrito do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en que se atopa a CRTVG (doc. núm. 64337) (10/SCDP-000020)»

Debe dicir:

«Punto 1

Escrito do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera (doc. núm. 64334) (10/SCDP-000019)





## Punto 2

Escrito do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en que se atopa a CRTVG (doc. núm. 64337) (10/SCDP-000020)>>

Na páxina 3, no sumario, onde di:

«Confirmada a existencia de quórum, o señor presidente procede a entrar na orde do día, que consta dun punto único, con dous documentos, e informa de que o debate vai ser acumulado e sobre a súa ordenación. (Páx. 5.)>>

Debe dicir:

«Confirmada a existencia de quórum, o señor presidente procede a entrar na orde do día, que consta de dous puntos, dúas solicitudes de comparecencia. Así mesmo, informa de que o debate vai ser acumulado e sobre a súa ordenación. (Páx. 5.)>>

Na páxina 4, onde di:

«Votación do escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. Conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera: *rexeitado por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 22.)

Votación do escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. Conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera: *rexeitado por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 23.)

Rematado o debate sobre as solicitudes de comparecencia do Sr. Conselleiro de Industria, o señor presidente dá por finalizada esta sesión da Deputación Permanente. (Páx. 23.)>>

Debe dicir:

«Votación do escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera: *rexeitado por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 23.)



Votación do escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en que se atopa a CRTVG: *rexeitado por 10 votos a favor, 12 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 23.)

Rematado o debate sobre as solicitudes de comparecencia, o señor presidente dá por finalizada esta sesión da Deputación Permanente. (Páx. 23.)»



Na páxina 24, onde di:

*«Votación do escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Parlamentario Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. conselleiro de Industria para explicar as medidas que adoptou e vai adoptar a Xunta de Galicia para impedir a perda dos empregos en Noa Madera.»*

Debe dicir:

*«Votación do escrito do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, do Grupo Común da Esquerda, do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario Mixto, polo que solicitan a comparecencia do Sr. presidente da Xunta de Galicia para dar conta da situación en que se atopa a CRTVG»*





PARLAMENTO  
DE GALICIA

## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

